

# TARDE PARA MORIR JOVEN

Dominga Sotomayor, 2018

# 589

PASE ÚNICO EN NUMAX: 09.09.2019 | V.O.

*Tarde para morir joven* (2018, 110')

**Dirección:** Dominga Sotomayor

**Guión:** Dominga Sotomayor

**Elenco:** Demian Hernández, Antar Machado, Matías Oviedo, Antonia Zegers, Eyal Meyer, Magdalena Tótoro, Alejandro Goic, Andrés Aliaga, Gabriel Cañas

**Son:** Julia Huberman

**Montaxe:** Catalina Marín Duarte

**Fotografía:** Inti Briones

**Dirección de arte:** Estefanía Larrain

**Vestuario:** Felipe Criado, Estefanía Larrain

**Música:** Sokio

**Produtoras:** Cinestación, RT Features, Ruda Cine, Circe Films (Chile-Brasil-Arentina-Holanda-Qatar)

**Distribuidora:** Noucinemart

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.85:1

**Idioma orixinal:** Español

## PREMIOS E FESTIVAIS

Locarno 2018 (Mellor Dirección),  
Xixón 2018 (Mellor Dirección —ex aequo— e Fotografía)

## SINOPSE

A democracia volve a Chile o verán de 1990. Nunha comunidade illada, Sofía (16), Clara (10) e Lucas (16) enfróntanse aos seus primeiros amores e medos mentres se preparan para a festa de Aninovo. Pode que vivan lonxe dos perigos da cidade, pero non dos da natureza.

«Unha fazaña ambiciosa presentada con sensibilidade cara á atmosfera e a emoción.»

Allan Hunter, SCREENDAILY

## OS OLLOS VERDES

OCINEMA INÉDITO DE NUMAX



**“Interesábame meterme máis nas fisuras do que está no medio das grandes historias”**

**Entrevista con Dominga Sotomayor**

Por Ramón Rey

**O que máis chama a atención a nivel narrativo do filme é esa fragmentación do punto de vista entre un relato coral e a suposta protagonista.**

É que son as dúas cousas. Para min é un retrato colectivo, pero a liña máis narrativa lévaa Sofía. É a que ten unha transición máis concreta, un obxectivo, unha ilusión, que chegue a nai, marchar cun tipo. Iso foi un pouco de desafiante e o complexo do proxecto, non facer un filme necesariamente centrado en Sofía, que pode ser tan frustrante como alucinante. Non é que sexa bo ou malo. Ese era o desafío: abrir o punto de vista. Estar con ela, pero que tamén fose un filme disperso. Quería que fose un filme parecido a ese tipo de vida que estaba a retratar. Parecíame que facer unha película convencional en termos de estrutura non era orgánico a esa vida, non era orgánico a ese mundo, a esa comunidade que sempre me custou tanto definir. Esa foi a procura, unha estrutura orgánica, próxima á vida, na que un está cun personaxe e despois salta a outro e despois volve. Que fose mesmo caótica en certo xeito. Atraíame como exploración, como procura de linguaxe tamén.

**Tal como utilizas a cámara con eses planos fixos e cando están os personaxes socializando é como un retrato impresionista con diálogos dun e doutro, momentos moi concretos a medio camiño entre o naturalismo e outra cousa moi distinta.**

Claro, coma se fosen capturas de momentos non necesariamente moi importantes. Creo que iso é o que me interesa. Observar capturar impresións de realidade e xustamente é moi naturalista pero é moi surrealista tamén. Non é tan realista. É tan naturalista como non realista. E iso é porque o cotián é absurdo. Observar o cotián tan de preto é incómodo, porque iso mesmo faino non realista.

**O relato parece moi hermético, porque non sabes que lles pasa e iso fai que sexa inescrutábel a realidade desaxente.**

Pero a min ao mesmo tempo parécese que non hai tanto que entender. Non hai unha gran historia. Temos o defecto de ver un filme e pensar que ten que haber unha gran historia, unha gran narración, un gran discurso. Isto é unha observación moito máis sinxela: son persoas, ten que ver coa dificultade das relacións entre distintas xeracións, cun mesmo, cos pais, coa natureza. Dificultade de relacións entre as clases. É unha observación ben cotiá da vida, onde eu trataba de capturar emocións, cousas super sinxelas. E claro, non hai unha gran historia, non é a historia de cando chegou a democracia e a xente quizais busca eses grandes feitos, esas grandes historias. E a min o que me interesaba era meterme máis nas fisuras do que está no medio das grandes historias. Cousas máis cotiás, máis pequeniñas, esa é a miña procura.

**Ademais da túa aproximación psicolóxica na que non das pistas no visual para desentrañar os personaxes, nótase unha fuxida consciente do simbólico.**

Hai xente que parte moi desde as metáforas. Eu partín desde cousas ben concretas, observando cousas que me interesan que quería capturar. O can, a nena, esa historia, esa escena, ese momento. Na xente hai unha necesidade, que me imaxino é natural, de que significa, por que, que me queres dicir con isto. Non sei, un can escapando. É unha liberdade, pero non é sobre a liberdade. Non é un símbolo.

Publicado en [cinemaldito.com](http://cinemaldito.com)

Tradución: Olalla Cociña

—  
**A autora**

Dominga Sotomayor (Santiago de Chile, 1985) convertiuse o pasado ano na primeira muller en gañar o premio á Mellor Dirección no Festival de Cine de Locarno por *Tarde para morir joven*. Ao rematar os seus estudos en audiovisuais e en cinema creou a produtora Cinestación. Comezou a súa carreira audiovisual no 2005, con dous vídeos experimentais e o documental *Cessna*. Ao ano seguinte dirixiu sete curtametraxes entre os que destacan *Noviembre* e *Debajo*. No 2012 estreou a súa primeira longametraxe, *De jueves a domingo* nos festivais de Valdivia e de Róterdam.

**OS OLLOS VERDES**

O programa *Os ollos verdes*. O cinema inédito de NUMAX proxecta obras recentes que non foron estreadas comercialmente en España. Filmes que procuran novas formas e linguaxes para o cinema e cuxa calidade vén refrendada cos premios e seleccións en festivais de relevancia internacional.

O **estudantado da USC** inscrito no ciclo pode acadar **1 crédito ECTS** coa súa asistencia a un mínimo de 12 sesións d'Os ollos verdes e a realización dun traballo final, grazas á colaboración da Universidade de Santiago de Compostela. Máis información en [comunicacion@numax.org](mailto:comunicacion@numax.org)

**NUMAX**

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)